



**Neste número** // Conclusións do estudo de oportunidades de negocio no exterior / Participación no proxecto EcoGalicia Verde / Reunión con Augas de Mondariz para establecer futuras vías de colaboración / Misión comercial inversa con Francia /

## O estudo de oportunidades de negocio no exterior sitúa a Francia e a México como países estratéxicos

*O informe identifica a creación dos Trade Points como a mellor fórmula para a expansión internacional das empresas do Clúster*

*O estudo de oportunidades de negocio no exterior, encargado polo Clúster e financiado pola Consellería de Innovación e Industria, seleccionou como países prioritarios para a internacionalización dos sectores gráfico e editorial, a Francia e a México respectivamente.*

*O documento, elaborado por Eosa Consultores, foi concibido co fin de detectar as oportunidades de negocio nos mercados exteriores para as empresas dos sectores gráfico, editorial e publicitario galegos.*

*Outro dos obxectivos era coñecer datos sobre a experiencia internacional dos tres sectores relativos ao volume e evolución das exportacións, tipos de produtos lanzados ao exterior e as súas zonas de destino.*

*Francia é o mercado elixido para a internacionalización do sector gráfico, pola*

*súa proximidade xeográfica e o alto volume de mercado, mentres que México o é para o sector editorial, como cabeceira do mercado latinoamericano e pola vinculación cultural e tamaño do seu mercado.*

### Potencial das empresas do Clúster

*Para coñecer a oferta que realizan os membros do Clúster ao exterior realizáronse unhas enquisas ás principais empresas dos sectores gráfico e editorial. Por iso sabemos que a fórmula de internacionalización máis utilizada no sector gráfico é a exportación directa, pero que tamén se utilizan os consorcios de exportación e a importación de produtos (sobre todo bens de equipo).*

*O sector da edición segue fundamentalmente dúas vías para a internacionalización: a exportación directa e a venda de dereitos.*



**O sector gráfico buscará internacionalizarse cara a Francia, mentres que o editorial fixa México como prioritario**

*Grazas aos datos que ofrece o estudo sobre as particularidades do mercado editorial mexicano e do mer-*

*cado francés de artes gráficas, xunto cos referentes ás experiencias internacionais dos membros do Clúster, formularase a creación de dous Trade Points nestes países.*

*Tal e como recolle o informe, unha das posibilidades existentes, é situar á fronte destes “puntos de amarre” un axente comercial internacional que sería o que axudaría ás empresas a efectuar a súa expansión comercial.*

# / O comercio internacional dos sectores do Clúster en cifras /

## Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior


### O sector gráfico

O sector gráfico galego ocupa a sexta posición no ranking de comunidades españolas, en canto a volume de exportacións. Así, en 2007 significaron un total de 2,8 millóns de euros, supoñendo case o 2% das exportacións do total nacional.

Máis da metade das exportacións do sector gráfico español corresponden a catálogos comerciais (50,63%), unha terceira parte a impresos publicitarios e similares (30,86%) e algo menos dun 20% a outro tipo de impresos.

No ano 2007, España vendeu ao resto de países europeos produtos gráficos por valor de 128 millóns de euros, case o 90% das exportacións totais do sector. O 10% restante destinouse ao resto dos continentes, sendo América o segundo destino destas exportacións (cun 5,4% do total).

#### Distribución das exportacións por zona de destino. 2007



Fonte: ICEX


### O sector editorial

Galicia ocupa a décima posición no ranking español. As exportacións da nosa comunidade supuxeron en 2007 un total de 4,9 millóns de euros, cun peso de 0,64 nas exportacións do total nacional.

Máis dun 77% dos produtos exportados corresponden a libros, algo menos dun 20% a publicacións periódicas e un 4% a outros produtos editoriais.

Europa é a principal zona de destino destes produtos e por iso acaprou en 2007 case o 60% das exportacións totais do sector, mentres que América cun 38,42% comprou a España produtos por valor de 295 millóns.

#### Distribución das exportacións por zona de destino. 2007



Fonte: ICEX

### O sector publicitario

Segundo a axencia Nielsen, o mercado publicitario mundial creceu un 4,4% no ano 2007, sendo África, Asia e América do Sur as áreas xeográficas que experimentaron un maior crecemento con respecto ao ano anterior.

Para a axencia Zenith Optimedia, a inversión publicitaria mundial ascendeu a máis de 485.000 millóns de dólares no ano 2007 e as previsións de crecemento apuntan a que en 2010 alcanzará os 585.000 millóns. Máis do 50% da inversión se realiza en América do Norte e Europa Occidental.

En Europa, a Televisión foi o medio que máis diñeiro destinou en 2007 á publicidade (46,25%), seguida pola prensa (25,63%), as revistas (11,21%), a publicidade exterior (6,51), a Radio (8,61), Internet (1,30% 9 e o cine (0,50%)

#### Inversión publicitaria mundial (en millóns de €)

	2006	2007	p 2008	p 2009	p 2010
América do Norte	183.520	188.415	194.990	200.271	207.570
Europa Occidental	113.513	119.976	124.420	129.770	135.781
Asia-Pacífico	94.719	102.807	111.534	119.001	127.916
Europa Central/Oriental	25.799	31.563	37.041	42.628	48.424
Iberoamérica	22.638	26.329	30.924	35.130	38.920
África/M. East/Row	13.406	16.490	18.606	21.871	25.939
<b>Global</b>	<b>453.595</b>	<b>485.580</b>	<b>517.515</b>	<b>548.671</b>	<b>584.550</b>

Fonte: Zenith Optimedia

Descárgate o Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior na páxina web do Clúster: [www.clustergrafico.com](http://www.clustergrafico.com)

### Outros datos

#### Sector Gráfico


##### Distribución das exportacións por tipo de produto. 2007



Fonte: ICEX

#### Sector editorial


##### Distribución das exportacións por tipo de produto. 2007



Fonte: ICEX

#### Publicidade

##### Distribución da inversión publicitaria en Europa. 2007



Fonte: Zenith Optimedia

## / **Membros do Clúster reúnense con representantes de Augas de Mondariz para estudar posibles vías de colaboración /**



Augas de Mondariz ofrece aos membros do Clúster a posibilidade de que estes lle presenten unha solución innovadora para a etiquetaxe dos seus produtos. Por este motivo, varias empresas da nosa agrupación trasladáronse o día 10 de marzo, xunto con Juan Penas, á planta da compañía galega para reunirse con representantes desta e analizar posibles vías de cooperación.

Javier R. Losada, director de Augas de Mondariz, deu a benvinda aos asistentes e expúxolles a filosofía da empresa e a súa vocación pola innovación, que tamén é un dos eixes estratéxicos do Clúster.

Por outra banda, Alejandra Bernardo, responsable de marketing da compañía, comunicou aos asistentes que están a buscar novas alternativas de etiquetaxe para os seus produtos e que tamén están abertos a avaliar propostas no referente a novos deseños de tarxetas e solucións de embalaxe.

A reunión finalizou cunha visita á planta. As empresas asistentes foron: Atelier, C/A Gráfica, Digipress, Embalán, Coreti e CxG Publicidade Directa. Estas serán agora as que poden presentar os seus proxectos a Augas de Mondariz.

## / **O Clúster participa no proxecto EcoGalicia Verde desenvolvido por Feuga /**

*O programa ten como obxectivo mellorar o medioambiente e a calidade do emprego nos sectores gráfico, naval e químico*



A sede de Feuga acolleu o día 3 de abril a presentación do proxecto EcoGalicia Verde, que executará esta entidade ata mediados do ano que vén en colaboración coa Obra Social Caixa Galicia.

Ao acto asistiron: Juan Penas, xerente do Clúster, e representantes do Clúster Naval Galego, o Centro Galego do Plástico, a Asociación Profesional de Empresas Ambientais, as Cámaras de Comercio e das Universidades galegas.

EcoGalicia Verde persegue mellorar o medioambiente e a calidade do emprego nos sectores gráfico, naval e químico, mediante a implantación de accións de ecoinnovación nas empresas e tecnoloxías respetuosas co medio.

Por ecoinnovación enténdese calquera innovación en produtos, ser-

vizos, procesos, métodos de xestión e de negocio, que persiga a redución dos impactos negativos sobre o medio a través do uso eficaz e responsable dos recursos, durante todo o ciclo de vida das actividades, produtos e servizos empresariais.

O proxecto inclúe actividades nos tres sectores centradas neste concepto. Así, levarán a cabo accións formativas para a cualificación dun perfil de experto xestor de ecoinnovación, crearase un Observatorio de Ecoinnovación, realizaranse diagnósticos personalizados en quince empresas, así como asesoramento para a definición e posta en marcha de 9 proxectos de ecoinnovación. Ademais, detectaranse oportunidades de negocio no ámbito dos servizos e tecnoloxías ambientais, impulsando así a creación de empresas ou o inicio de novas actividades empresariais no sector ambiental.



**A sede de Feuga acolleu a presentación do proxecto EcoGalicia Verde**

## BREVES

### Asemblea Xeral o 20 de maio

O día 20 de maio terá lugar a Asemblea Xeral Ordinaria nas instalacións da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela. Nesta cita avaliarase o traballo realizado durante o ano pasado e presentarse o plan de actuación con todas as actividades que desenvolveremos entre este ano e o que vén. Nesta ocasión tamén haberá eleccións á presidencia do Clúster.

A este acto están convocados todos os membros do Clúster e invitarase a representantes do novo goberno autonómico para darlles a coñecer as nosas actuacións e necesidades.

### Dúas iniciativas pioneiras na nosa comunidade

O Clúster convocará en xuño por primeira vez na nosa comunidade uns premios ao Produto Gráfico Galego. Estes galardóns distinguirán aquelas empresas que destaquen pola creación de produtos que sobresaian pola súa innovación, polo emprego de novos formatos, novos materiais ou polos resultados obtidos.

No mesmo acto tamén se presentará o Libro de Estilo do Clúster. Este manual, cun formato creativo, recompila todas as actividades da cadea de valor do Clúster.

### Constitución da fundación do CIT

O Clúster comezou o ano pasado a tramitación pertinente para constituír un Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego. En Marzo presentouse ao Ministerio de Industria o plan que analizaba a viabilidade do futuro centro. Ao longo do mes de maio, unha vez aprobado, procederase á constitución da fundación que rexerá o CIT e ao nomeamento do padroado. Este asunto será abordado na Asemblea Xeral.

Esta iniciativa, que xa recibiu o apoio do goberno autonómico, é pioneira no noso país, xa que actualmente non hai ningún centro en España que aborde toda a cadea de valor da nosa agrupación.

## / En setembro terá lugar unha misión comercial inversa con Francia /

Na última reunión da Xunta Directiva fíxose balance dos proxectos en curso e planificáronse as actuacións que se levarán a cabo nos próximos meses

Os membros da Xunta Directiva mantiveron unha reunión o 26 de marzo nas instalacións do Clúster. No devandito encontro, Juan Penas realizou un resumo da situación dos proxectos en curso impulsados polo Clúster, fíxose a data da Asemblea Xeral Ordinaria e avanzáronse as próximas actuacións.

No mes de abril sacarase a concurso o plan de comunicación do Clúster, incluído nas actividades do eixe de notoriedade. Para finais deste mesmo mes, está previsto que estea concluído o estudo de alianzas estratéxicas dentro da nosa agrupación.

Un mes máis tarde, en maio, arrancará o estudo para a creación dos consorcios de exportación que se centrará nos dous Trade Point que quere impulsar o Clúster, un en Francia e outro en México.

En setembro realizarase en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela unha misión comercial

inversa con Francia, co obxectivo de que os importadores e distribuidores deste país coñezan todo o potencial das empresas galegas e os seus produtos.

Co fin de que os membros do Clúster poidan ampliar os seus coñecementos en técnicas de venda que promovan a súa competitividade, planificouse para setembro un taller sobre E-commerce e marketing na rede.



Asistentes á reunión que organizou o Clúster do grupo de traballo de internacionalización.

Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:

Teléfono

**881 977 102**

Fax

**881 977 103**

Enderezos electrónicos

**juanpenas@clustergrafico.com** (Xerente)  
**comunicacion@clustergrafico.com** (Prensa)  
**cluster@clustergrafico.com** (Xeral)



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística